Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tesouro de Mosteiro da Limia

No concello de Xinzo, na Limia (Ourense), aló pola parroquia de Guntimil, hai un lugar chamado Mosteiro. Disque o nome venlle de que as casas están feitas coas pedras dun antigo mosteiro que fora abandonado. As súas ruínas fican nun outeiro moi frondoso e teñen sona entre os vellos de gardar baixo a terra un tesouro. Contan que a comezos do século pasado chegaron a Mosteiro un grupo de ingleses co Ciprianillo na man, con sachos, picos e pás para cavar. Non puideron. En canto os paisanos se decataron, botáronos a pedradas. E aló debe continuar o tesouro, porque hai cousas que é mellor non remexer.

[Texto remitido por Serxio González Souto, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra]

BIBLIOGRAFÍA

NOTA:

É un relato oral dunha miña curmá, Vicenta, á que llo contara á súa nai, a tía Carme, que morreu cumpridos os noventa hai cousa de catro anos. A súa familia segue a vivir en Gudes, na mesma parroquia de Guntimil.